

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As máquinas simples están formadas por unha única peza ou por poucas, e son a polea, o plano inclinado e a panca.

Unha polea consiste nunha roda que ten un suco polo que pasa unha corda ou cadea.

Un plano inclinado é unha superficie plana inclinada a certa altura.

Unha panca é unha barra ríxida que descansa sobre un punto de apoio.

1 Escribe o nome das seguintes máquinas simples:



2 Estas oracións son falsas. Esríbeas corrixidas para que sexan correctas.


- As máquinas simples están formadas por moitas pezas.

- Unha polea consiste nunha roda cun suco polo que pasa unha barra.

- O plano inclinado é unha superficie plana e horizontal.


- Unha panca é unha barra flexible que descansa sobre un punto de apoio.

3 Observa o debuxo e explica que acontece.



Os barrís sóbense empuxando por un _____ . Despois, grazas a unha _____ , sóbense a un ascensor. O ascensor elévase coa axuda dunha _____ .

4 Indica con frechas cara a onde se moverán os brazos dos bambáns.



5 Completa as oracións escribindo *máis*, *menos*, *maior* ou *menor*.

- Para subir un obxecto por un plano inclinado hai que facer _____ forza que para levantalo sen el.
- Elevar algo cunha polea é _____ fácil que elevalo sen ela, xa que nos podemos axudar do noso peso.
- Ao usarmos unha panca, aplicamos unha forza no brazo longo. No brazo curto, a forza é _____ , pero o espazo que percorre é _____ .

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As máquinas compostas son aquelas que están formadas por moitas pezas ou partes.

As partes máis habituais dunha máquina son: cuberta ou carcasa, motor, estrutura, operadores mecánicos, indicadores e elementos de control.

Os operadores mecánicos son as partes móbiles dunha máquina. Poden ser: eixes, rodas, correas ou cadeas e pancas, entre outros.

1 Rodea as máquinas compostas.



2 Responde as seguintes preguntas:

- Que tipo de máquina é un secador de pelo? Por que?

- Cales son as partes máis habituais dunha máquina composta?

- Cres que todas as máquinas teñen motor? Pon exemplos de máquinas compostas que non teñan.

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A tecnoloxía consiste na aplicación práctica dos descubrimentos feitos pola ciencia.

Os avances científicos e tecnolóxicos son o conxunto de melloras que se van descubrindo co paso do tempo. Estas melloras pódense aplicar a case calquera campo da actividade humana.

Deses campos destacan o transporte, a industria, a medicina e mais as comunicacións.

1 Escribe que avances se observan na segunda fotografía con respecto á primeira e de que modo nos facilitan a vida.



2 Nomea un avance importante en cada campo indicado.

- Medicina: _____
- Transporte: _____
- Industria: _____
- Comunicación: _____